



Miguel Bouzó Rodríguez, Cristina Fernández Davila, Eva Gil Solla, Xosé Carlos Vázquez Míguez, Verónica Bargiela Pino e Francisco Aparicio Oliván, concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ponteareas, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte **ROGO** para o seu debate en Pleno sobre **a necesidade de realizar actuacións que melloren a seguridade viaria no barrio da Pardantela, na parroquia de Prado.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As abundantes choivas que se produciron durante o último ano provocaron diversos desperfectos en diferentes vías municipais da localidade.

É o caso do barrio da Pardantela, na parroquia de Prado, cuxa pista de acceso ás vivendas está gravemente deteriorada, con fochancas provocadas polas continuas correntes de auga ao non existir recollida de pluviais. A maiores, esta zona tamén recibe augas procedentes doutros barrios situados a maior altitude, o que provoca que en xornadas de choiva a veciñanza teña dificultade para acceder ás súas vivendas ou que se lle aneguen os garaxes.

A Pardantela conta pois con vivendas nas que non dispoñen dunhas infraestruturas básicas en condicións dignas e, dado a falta de ancho suficiente das vías municipais, as veciñas e veciños deste lugar teñen tamén serias dificultades para poder contar con servizos básicos na súa vivenda, como pode ser o reparto de gas, a asistencia dunha ambulancia ou dos servizos de emerxencias en caso de que fose necesario. A maiores, existen postes ocupando espazo público cando xa non dan soporte a cables de ningún servizo.

Neste barrio acometéronse dúas fases distintas de saneamento, polo que sería agora o momento de canalizar soterradas as augas pluviais conectando a tubaxe principal coas arquetas feitas polos propietarios ao pé dos seus peches para poder aproveitar todo o espazo entre os muros tradicionais.

Tamén é unha necesidade a mellora da mobilidade para as persoas residentes, procurando ampliar o ancho da vía nos puntos nos que é necesario para permitir o acceso dos servizos. Así mesmo, cómpre dar acceso en mellores condicións ás vivendas dende a estrada autonómica PO-254, enlazando con esta estrada as vías da zona oeste e da zona sur do barrio, que é de terra practicamente na súa totalidade.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao Goberno Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Elaborar un proxecto que recolla todas as accións necesarias para mellorar a mobilidade e a seguridade no barrio da Pardantela, en Prado, que sufriu un importante deterioro coas choivas do último ano. Debe incluír, cando menos:

- a) A recollida soterrada das augas pluviais en todo o barrio para evitar a entrada da mesma nas propiedades cando chove.
- b) A reparación mediante un novo asfaltado da vía principal, garantindo un ancho suficiente para os servizos do barrio.
- c) A mellora da pavimentación cun ancho suficiente na vía de enlace entre a estrada PO-254 e as zonas oeste e sur da parroquia, neste momento de terra.

2.- Procurar a retirada dos postes sen cables que hai no barrio da Pardantela, para xerar máis espazo.

3.- Elaborar un estudo que englobe a solución de todas as vías municipais en situacións similares e programar a súa execución contando coa participación veciñal.

Ponteareas, outubro de 2024

Miguel Bouzó Rodríguez
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS